



RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 7 días naturais a partir do día seguinte a publicación dos anuncios no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, abranguendo este prazo entre os días 22 e 28 de xullo de 2015.

Os pregos de condicións das autorizacións, constitúen o acto que fixa as regras conforme se outorgan ou denegan as solicitudes de autorizacións, así como se exclúen do procedemento de adxudicación. Neste sentido debe terse en conta que a formulación dunha oferta supón a aceptación incondicionada do prego de condicións.

Na presentación de solicitudes observouse como diversos solicitantes presentaron de forma non correcta as súas solicitudes, sendo estas deficiencias emendables. Os defectos observados nas solicitudes son básicamente tres: non acompañar o NIF, pasaporte ou documento que o substitúa, non estar asinada a solicitude de outorgamento de autorizacións ou non indicar o enderezo.

O artigo 7 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina, determina que de observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, dítase resolución da concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas e comunicárase verbalmente aos interesados concedéndolles un prazo de 2 días hábiles para a súa emenda ou achega.

Estes requirimentos efectuaranse verbalmente, ou mediante fax ou telematicamente de así estimarse e sempre que se indicase no sobre estes medios, sen prexuízo do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Pontevedra, momento desde o que contará o prazo de cumprimentación do requirimento.

En consecuencia, procede requirir os solicitantes que presentaron as solicitudes incorrectas con defectos emendables, para que nun prazo de dous días hábiles emenden estas solicitudes en cumprimento do disposto no artigo 7 do prego.

A vista do exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Requirit no procedemento de outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do

dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina durante o ano 2015, os solicitantes que de seguido se especifican para que emenden a omisión ou defecto que se indican:

Nome do solicitante	Omisión ou defecto da solicitude
JOSE PEREZ BENITEZ E HIJOS S.L.	Falta sinatura da solicitude
ANA BELÉN CARVIA ESPARZA	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
JOSE EDUARDO DOS SANTOS DE FATIMA	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
AMDY MOUSTPHA FAYA	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
MAME GOR DIA	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
SAMBA NDAM	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
PAPA FALL FALL	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
CHEIKH YADE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
SERIGNE FALLOU FAYE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
ABIBOU SENE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
SEYNABOU NDIAYE FAYE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
ASS MALICK THIAM	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
ILIMANE NAOYE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
FATOU SAMB	Non se indica o enderezo
IBRAHIMA KEBE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
ALIOU KEBE	Falta fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Segundo.- O prazo no que se debe atender os requirimentos indicados no punto anterior é de dous días hábiles a partir do día seguinte á publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra. Advírtese aos requiridos que de non atender debidamente o requirimento en prazo, serán excluídos deste procedemento de adxudicación.

Terceiro.- Dispor a publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra e comunicarlle verbalmente os interesados.

Pontevedra, 31 de xullo de 2015

A CONCELEIRO

María Carme da Silva Méndez

Dou fe, o secretario admon. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

